



Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Bases epistemolóxicas para o ensino das linguas e literaturas galega e castelá		Código	652608821	
Titulación	6 Mestrado Universitario de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4	
Idioma					
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas				
Coordinación	Rodríguez Lopez-Vazquez, Alfredo	Correo electrónico	alfredo.lopez-vazquez@udc.es		
Profesorado	Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio Rodríguez Lopez-Vazquez, Alfredo	Correo electrónico	xulio.pardodeneyra@udc.es alfredo.lopez-vazquez@udc.es		
Web					
Descrición xeral					

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A2	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinados.
A3	Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A4	Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares.
A7	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A13	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
	AP1		CM1
	AP2		CM4
	AP3		CM6
	AP4		CM8
	AP7		
	AP13		

Contidos

Temas	Subtemas



LINGUA	1. Ensinar gramática /vs/ coñecer lingua 2. Ensinar lingua hoxe
I. Antigos e novos focamentos no ensino da lingua	2.1. A reflexión sobre o uso da lingua 2.2. Novas tecnoloxías e ensino da lingua 2.3. O desenvolvemento da competencia lingüística: estratexias, habilidades e avaliación.
LITERATURA	
I Teorías máis relevantes	1. Historicismo, formalismo, estruturalismo, New Criticism, estilística, estudos culturais...
II. A Literatura no Ensino Secundario	2. Aportacións desas teorías ao Ensino Secundario
III. Materiais didácticos no ensino da Literatura	3. Lecturas, obradoiros, TICs.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	4	2	6
Lecturas	0	20	20
Aprendizaxe colaborativa	4	2	6
Discusión dirixida	2	2	4
Estudo de casos	6	6	12
Mesa redonda	4	4	8
Prácticas a través de TIC	2	2	4
Recensión bibliográfica	4	8	12
Traballos tutelados	2	20	22
Atención personalizada	6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A xeito de introducións ou visións esquemáticas e sintéticas dirixidas ao conxunto da aula, desenvolveranse unhas sesións nas que o profesor exporá o método expositivo.
Lecturas	Formando parte do seu traballo autónomo, o alumno debe ler algúns textos que o profesor lle facilitará, especialmente para a confección do traballo tutelado, mais tamén para algunhas actividades que se desenvolverán ao longo das distintas sesións.
Aprendizaxe colaborativa	Co obxectivo de fomentar o traballo en equipo, os alumnos fomarán pequenos grupos de traballo e realizarán diversas tarefas colectivas.
Discusión dirixida	Realízase sobre algunha das tarefas ou actividades desenvolvidas na aprendizaxe colaborativa e dos materiais empregados para levala a término: estes serán a base da discusión.
Estudo de casos	Os alumnos elaborarán, por escrito, comentarios que deben entregar ao profesor coa finalidade de proceder á súa revisión.
Mesa redonda	Coa fin de que se familiaricen coa intervención en público e en grupo realízase unha mesa redonda que teña como tema o fundamento da materia.
Prácticas a través de TIC	Coa finalidade de que o alumno se familiarice coas novas tecnoloxías e as poidan empregar no seu traballo de curso, recórrase ás TIC.
Recensión bibliográfica	O profesor procederá a comentar a bibliografía, á fin de que o alumno poida centarse sobre aqueles libros que considere máis achegados ás súas liñas de interese e poida, á súa vez, abrirse a outras informacións escritas.
Traballos tutelados	Durante o curso, o alumno debe elaborar un traballo sobre algún aspecto que verse sobre a epistemoloxía das linguas e das literaturas.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Estudo de casos Mesa redonda Prácticas a través de TIC Recensión bilbiográfica Traballos tutelados	O feito de contar con poucos alumnos vai permitir facer un seguimento personalizado de cada un dos estudantes, mesmo cando se tratar de actividades realizadas en grupo. Do mesmo xeito, o profesor tutorizará a realización do traballo que cada alumno, individualmente, debe presentar ao remate do curso, asesorando nos enfoques e na bibliografía axeitada.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	Teranse ben en conta as distintas probas, comentarios e exercicios que se realicen durante o transcurso das correspondentes sesións.	20
Prácticas a través de TIC	Valorarase o esforzo da cada alumno por se familiarizar coas TIC e mais o resultado do traballo	10
Recensión bilbiográfica	Hase ter moi en conta o interese e utilidade que o alumno faga da información do profesor para a realización do seu traballo tutelado.	10
Traballos tutelados	Os traballos tutelados, submetidos á guía e orientación do profesor durante o curso, de forma que profesor e alumno manterán diversas entrevistas (ao menos unha delas despois de telo rematado). No traballo darán conta dalgúns aspecto relacionado co temario, ao mesmo tempo que irán incorporando as distintas suxestións e aportación feitas nas sesións presenciais realizadas con este propósito.	60

Observacións avaliación

As precentaxes indicadas máis arriba non son reais, senón orientativas; se se especifican é porque así o require o deseño de guía docente que aplica a UDC. De feito a información que imos dar ten maior relevancia a este respecto da realidade da avaliación:

A. A cualificación final terá o seguinte reparto porcentual:

a.1. Un 50% procederá do traballo tutelado, amais de outras actividades realizadas a longo do curso. NO traballo o alumno deberá obter unha puntuación de 4 sobre 10 (con unha nota inferior non susperaría a materia).

A.2. Un 40% resuyltará das actividades e tarefas (grupais ou individuais): exercicios, comentarios, debates...

A.3. O 10% restante derivará da asistencia e da participación na aula.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Pozuelo Yvancos, José María (2008). Desafíos de la teoría. Literatura y géneros. Mérida, Venezuela. El otro@el mismo - Acosta, L. (1989). El lector y la obra. Teoría de la recepción literaria. Madrid. Gredos - Mignolo, W. (1978). Elementos para una teoría del texto literario. Barcelona. Crítica - Lotman, I. (1978). Estructura del texto artístico. Madrid. Istmo - Martínez Bonati, F. ((1960) 1983). La estructura de la obra literaria. Barcelona. Ariel - López-Casanova, Arcadio (2007). Macrotexto poético y estructuras de sentido. Análisis de modelos líricos modernos. Valencia. tirant lo blanch
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións
Non se admitirán traballos enviados por correo electrónico.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías